Federación Galega de Voleibol

# PROTOCOLO OFICIAL DE XOGO

**OUTUBRO 2020**

#VoleiGalego

| TEMPO | DESCRICIÓN | ACCIONS DOS ÁRBITROS | ACCIONS DOS EQUIPOS |
|---|---|---|---|
| **60 minutos antes de empezar o partido** | Quecemento non oficial | | O responsable de cada equipo controla o acceso, dos seus xogadores e corpo técnico ao recinto de xogo coas medidas de distancia e hixiene adecuadas. O material xa debe estar desinfectado de antemán polo club local Árbitros, técnicos e xogadores levarán a máscara posta en todo momento. Os equipos quentan con ou sen balón, cada un no seu campo. |
| **30 minutos antes de empezar o partido** | Quecemento non oficial | Coa presenza do equipo arbitral na cancha, realízase a comprobación da documentación dos equipos DNI/NIE, e Autorización federativa | O responsable de cada equipo entregará aos árbitros a lista dos seus xogadores e técnicos, a documentación e notificará quen e o capitán, e no seu caso, o/os líbero(s). Os equipos quentan con ou sen balón, cada un no seu campo. |
| **16 minutos antes de empezar o partido** | Inicio do Quecemento Oficial.<br>Control técnico | O primeiro árbitro fai soar o silbato e xunto co segundo árbitro controlan a altura da rede así como a posición das antenas e as bandas lateraes. Para comprobar a rede, primeiro polo centro, logo á parte próxima á cadeira do 1er árbitro e finalmente a parte máis próxima á mesa de anotación | Ao silbato do árbitro, os equipos deixan libre a pista de xogo e diríxense aos seus banquiños. A partir deste momento deberán levar a indumentaria oficial de xogo. Caso de que teñan que cambiarse de roupa, deberán abandonar a área de control e proceder ao cambio de roupa fóra da vista dos espectadores. |



#VoleiGalego
XUNTA DE GALICIA
DEPORTE GALEGO
UNIÓN FEDERACIÓNS DEPORTIVAS GALEGAS
molten

| TEMPO | DESCRICIÓN | ACCIONS DOS ÁRBITROS | ACCIONS DOS EQUIPOS |
|---|---|---|---|
| **15 minutos Antes do partido** | Sorteo | Os dous árbitros diríxense ao área situada en fronte da mesa do anotador. Chamarase aos dous capitáns, para realizar o sorteo.<br>Realízase o sorteo, ofrecendo a cada capitán un lado da moeda.<br>Tralo sorteo, o primeiro árbitro comunícase ao anotador o resultado do sorteo. Solicítase aos capitáns que asinen a acta física (copia imprimida anteriormente). Confirmar que os dous capitáns teñen o distintivo de Capitán. Trala firma dos Capitáns solicítase a firma dos adestradores. | Ambos capitáns diríxense ao área situada en fronte da mesa do anotador. O ganador do sorteo escolle entre estas<br>opcións: a) O dereito a sacar, b) Recibir o primeiro saque, c)O lado da cancha.<br>O perdedor do sorteo quédase coa alternativa restante. Os capitáns asinan a acta con aporte do seu propio boligrafo (O do adestrador). Os adestradores, a petición dos árbitros, aproximaranse á mesa do anotador para cotexar a correcta inscripción no acta dos compoñentes do seu equipo, nomes e números dos xogadores e asinará a acta con aporte do seu boligrafo |
| **14 minutos antes do partido** | Quecemento en red | O primeiro árbitro achégase á rede e indicará facendo soar a seu silbato o comezo do quecemento oficial na rede de ambos equipos (10 minutos ou 5 para cada equipo en caso de calentamiento separado). | Ambos equipos comezan a quentar na rede. En caso de quecemento consecutivo o equipo que ten o primeiro saque terá a primeira quenda na rede (7.1.3) Os equipos vestirán coa roupa de xogo durante o quecemento oficial de rede. |
| **12 minutos antes do partido** | Follas de posición | O segundo árbitro chamará a cada adestrador para que este achegue o **código QR** xerado coa aplicación **appline up** coa rotación inicial do seu equipo. | Cada adestrador achega a mesa do anotador o codigo QR xerado coa aplicación **appline up** cun telefono móvil, coa rotación inicial do seu equipo. A partir deste momento calquer cambio será considerado sustitución ou redesinación e actuarase conforme as Regras de Xogo. |



#VoleiGalego

XUNTA DE GALICIA · DEPORTE GALEGO · NON · UNIÓN FEDERACIÓNS DEPORTIVAS GALEGAS · molten

| TEMPO | DESCRICIÓN | ACCIONS DOS ÁRBITROS | ACCIONS DOS EQUIPOS |
|---|---|---|---|
| | | O anotador procede a comprobar a alineación e a rexistrar no acta os seis xogadores iniciais de cada equipo. | |
| **4 minutos antes do partido** | Fin Quecemento Oficial | O primeiro árbitro pita anunciando o final do quecemento oficial. En caso de existir, os árbitros solicitarán ao xuíz árbitro ou na súa falta ao Delegado Federativo autorización para comezar o partido (Fases Finais). | Os xogadores volven aos seus banquiños ao final do quecemento oficial. Si os xogadores necesitan cambiar as camisetas de xogo deberán abandonar a área de xogo e volver o máis axiña posible. |
| **3 minutos antes do partido** | Presentación, anuncio do encontro e saúdo. | O equipo árbitral forma na liña lateral xunto cos xogadores de cada equipo ao longo da linea lateral do campo. Dirixiranse ao centro do campo e ao pitido do Primeiro árbitro os xogadores saudan ao público e dirixirixense aos seus respectivos banquiños. A partir deste momento, non se permite inscribir a ninguén máis no acta do encontro. | Os equipos forman a partires da liña de 3m ata a liña de fondo e os árbirtos na rede, coa distancia de seguridade entre eles. O primeiro árbitro asubía e os equipos aplauden SEN FACER PIÑA e voltan os respectivos banquiños |



#VoleiGalego

XUNTA DE GALICIA
DEPORTE GALEGO
UNIÓN FEDERACIÓNS DEPORTIVAS GALEGAS
molten

| TEMPO | DESCRICIÓN | ACCIONS DOS ÁRBITROS | ACCIONS DOS EQUIPOS |
|---|---|---|---|
| **2 minutos antes do partido** | Colocación dos árbitros y dos equipos | Despois do saúdo e presentación dos equipos, os árbitros diríxense cara á mesa de anotación, onde se saúdan entre si. Despois, o primeiro árbitro diríxese cara á súa cadeira e o segundo árbitro cara á fronte da mesa do anotador e os xuíces de liña, si existisen, ás súas posicións. | Os xogadores permanecen preto dos seus banquiños |
| **1:30 minuto antes do partido** | Comprobación da rotación inicial. | O segundo árbitro distribúe, si existisen, dous balóns de partido aos recollepelotas. O primeiro árbitro fai soar o seu silbato para requirir aos titulares dos equipos que entren ao campo. O segundo árbitro comproba a presenza e correcta posición dos xogadores no campo comparándoas coas que figuran nas súas respectivas follas de rotación. Entrega o balón ao sacador e confirma que o anotador está preparado para iniciar o encontro. | Os xogadores entran ao campo e colócanse nas súas posicións correctas, para ser comprobadas polo 2º árbitro. O líbero quédase na banda lateral. Unha vez finalizada a comprobación do sexteto titular, o Segundo árbitro autoriza o cambio do Líbero, si é requirida. |
| **00:00 minutos** | Comezo do partido. | O primeiro árbitro dá comezo ao partido facendo soar o seu silbato autorizando o primeiro saque. | NOTA: Si houbese que realizar un minuto de silencio este realízase cos xogadores nas súas posicións iniciais, líberos cambiados e co xogador ao saque co balón no |

#VoleiGalego



XUNTA DE GALICIA
DEPORTE GALEGO
UNIÓN FEDERACIÓNS DEPORTIVAS GALEGAS
molten

| TEMPO | DESCRICIÓN | ACCIONS DOS ÁRBITROS | ACCIONS DOS EQUIPOS |
|---|---|---|---|
| | | | chan. O inicio e o final do minuto indícao o primeiro árbitro cun toque de silbato. |
| **Durante o partido** | Ao final de cada set | O primeiro árbitro dá por finalizado o set e mandará o cambio de campo aos equipos. | Os xogadores cambian de campo. Os do equipo situado a dereita do anotador pasarán por detrás da posición do primeiro árbitro e os da esquerda por detrás da posición do segundo árbitro. O árbitro/2º árbitro controlará que o equipo que cruza por diante da mesa non se acerque o banquillo rival ata que todos os seus integrantes teñan abandonado dito banquillo. Comprobará que se desinfectan os balóns de xogo. |
| **Final do encontro** | | O primeiro árbitro pitará tres veces para indicar que o encontro rematou e formará ao lado da súa cadeira xunto co resto do equipo arbitral. Fará sonar o seu silbato par proceder ao saúdo entre equipos rivais. . O segundo árbitro controla que non se produzan saúdos físicos entre os | Os xogadores forman ao longo da línea de 3 m do seu campo e ao toque de silbato aplaudirá a rivais e expectadores, sen contaco físico de ningun tipo equipos. Os capitáns firman a acta co seu propio bolígrafo (o do adestrador) |



#VoleiGalego

XUNTA DE GALICIA
DEPORTE GALEGO
UNIÓN FEDERACIÓNS DEPORTIVAS GALEGAS
molten